

*Acta Comité Ambiental*

*Green Campus*

*23/10/2019*

*Anexo 1: relación de asistentes*

O Vicerreitor do Campus de Pontevedra, Xunto co director de Área de Green Campus e o representante de Green Campus España, proceden á apertura da reunión do Comité Ambiental do Green Campus para o Campus de Pontevedra as 10h do 23 de outubro de 2019 no auditorio da sede da vicerreitoría do campus de Pontevedra, coa presenza das persoas que aparecen no anexo 1 e co seguinte orden do día:

1. Aprobación da acta de reunión do Comité Ambiental do día 10/10/2018.
2. Informe de execución do IV Plan de Acción 2018-19 do programa Internacional Green Campus.
3. Debate e aprobación, se procede, do V Plan de Acción 2019-20 do programa Internacional Green Campus.
4. Rogos e preguntas.

---

**Punto 1.** Apróbase por unanimidade dos presentes a acta de reunión do Comité Ambiental do día 10/10/2018, a cal foi remitida en tempo e forma vía correo electrónico.

**Punto 2.** O vicerreitor agradece a presenza dos membros do Comité. De seguido cede a palabra ao Director do Campus Crea e Green Campus, Carlos Souto, quen fai unha exposición do informe de execución do IV Plan de Acción 2018-19 do programa Internacional Green Campus. Informa que algo máis de 40 das accións propostas foron levadas a cabo, cumprindo cos obxectivos marcados.

Manifesta, ao igual que fixera na reunión do ano anterior, a pouca implicación do alumnado nestas accións. Os membros do Comité manifestan distintas opinións sobre a razón desta



situación. Plantexanse ideas para motivar aos alumnos, como facer grupos de traballo, traballos fin de grado, etc.

Incidindo un pouco máis nas accións desenvolvidas, expón algúns detalles:

Residuos: leváronse a cabo seis medidas. Foi todo un éxito que finalizou con tres recollidas ao ano. Todas as facultades e escolas participaron na mesma.

Mobilidade: o carril bici xa está funcional en todo o campus.

Compostaxe: fíxose unha entrega de compost e información sobre cómo funciona o proceso de compostaxe. Apúntase que non se repartiu entre o persoal de xardinería porque non había suficiente compost.

Comercio xusto e consumo responsable: anúnciase que para dentro dun mes estará en funcionamento o grupo de consumo responsable.

Voluntariado ambiental e participación: obsérvase un problema referente a este apartado pola pouca participación do estudantado nas propostas e actividades. É importante a visualización de novas formas de traballo neste ámbito e novas propostas que podan chegar a acadar este resultado. Debe xestionarse mellor a difusión.

Ambientalización curricular: xunto co apartado anterior de voluntariado, anúnciase este como o segundo reto prioritario a acadar no seguinte plan de acción.

**Punto 3.** O Director do Campus Crea e Green Campus, Carlos Souto, explica cómo foi o proceso de elaboración do V Plano de acción 19-20. A metodoloxía empregada foi a do programa Green campus que no paso 3 prevé a elaboración dun plano de acción. Seguiuse unha lóxica participativa pois, na súa versión final, tomará en consideración as aportacións feitas polas comisións ambientais de cada Centro e as dos membros desta comisión. Agradece ás comisións de cada centro pola súa colaboración e as súas achegas.

Tamén se mantivo un estreito contacto e diálogo coa ADEAC, sometendo as primeiras versións á consideración técnica de ADEAC. Subliña que se trata dun documento aberto confeccionado con criterios de pragmatismo e realismo tomando en consideración tanto os recursos como prazos de execución. Cada acción ten un responsable/s, prazos estimativos de realización e evidencias cuantitativas ou cualitativas. Mantéñense os obxectivos prioritarios e a coherencia entre



obxectivos e accións específicas. Mantéñense algunhas accións que se estima deben ter continuidade pola súa natureza e implántanse novas actividades, en particular, as propostas polos centros e a vicerreitoría.

Despois sinala cales son as liñas xerais a desenvolver no V Plan de Acción. A continuación o Director do Campus Crea e Green Campus fai unha exposición máis polo miúdo das accións a desenvolver no V Plan de Acción. Nese sentido comenta a necesidade de seguir facendo un seguimento dos consumos de auga e enerxía co obxectivo de optimizar os consumos, e seguir co plan de substitución de luminarias por luces tipo LED, de menor consumo enerxético. Dentro deste apartado anúnciase que se van colocar paneis solares fotovoltaicos nos tellados da facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e na Facultade de Ciencias da Educación e o Deporte. Engadimos tamén propoñer que se instalen detectores de presenza nos baños e revisar as luces. Tamén comenta a importancia de mellorar a situación de mobilidade e accesibilidade, no que se entroncan directamente as medidas de creación de sendas botánicas e rutas cardiosaudables, entre outras.

A continuación fala de diversas accións propostas:

Comunícase que non existe servizo de reprografía este ano polo que haberá que facer unha campaña de uso razoable das fotocopiadoras.

Hai que definir as medidas para reducir o consumo de auga, para isto saíron varias propostas, como pechar un pouco as chaves de paso para reducir o caudal das billas, instalar fontes de auga dentro das facultades (que se instalarán ao longo do mes de novembro) para reducir o consumo, ou usar filtros para as billas.

En canto á compostaxe coméntase seguir a utilizar o abono dos composteiros para as zonas verdes, ademáis de repartilo entre a comunidade universitaria. Tamén que se manteñen as medidas de reciclaxe: reciclaxe de papel para a reutilización en blogs de notas así como a recollida de lámpadas, pilas e recollida RAEEs. Proponse facer unha campaña por correo coa premisa de non imprimir se non é necesario.

A Escola de Enxeñaría Forestal pon en coñecemento da asemblea unha das medidas tomadas para desenvolver na festa do patrón que se celebra polo mes de abril. Neste curso usarán vasos de plástico resistente, polos cales as/os consumidoras/es teñan que abonar 1€. No caso de querer reembolsar o euro abonado polo vaso, deberán entregalo de novo para a súa reutilización.



Ademais, propoñen idear algunha medida ou estudo para poder recoller e reciclar os plásticos e reutilizalos para a impresora 3D. Tamén dentro das súas propostas está a de deseñar caixas niño, co deseño aberto para calquera que queira poida participar, e recoñecer dalgunha maneira o traballo de voluntariado. Propoñen incluír as actividades de voluntariado como créditos, para o cal habería que definir as actividades e o número de horas. Engaden tamén cambiar os vasos e remexedores de plástico das máquinas expendedoras por utensilios de papel.

A facultade de Enfermaría comunica, referente ao apartado de reciclaxe, que gardan as tiras de papel triturado para reutilizalo.

En canto a campaña de RAEEs, vai a seguir facéndose porque tivo moi boa acollida, así que seguirase coa mesma proposta que o ano pasado. A próxima recollida será no mes de novembro de 2019.

O Director tamén indica que a colocación da pantalla anti-ruído na parte de atrás da facultade de Ciencias Sociais depende do Ministerio de Fomento, polo que hai que estar á espera. Ademais sinala que debemos dar un impulso ás rutas saudables: cóntase coa colaboración do círculo mercantil, que ten os seus terreos ao lado da senda do río Lérez e da Facultade de Fisioterapia, que propón axudar nestas rutas.

Proponse de novo fomentar o uso do coche compartido, camiñar, o uso da bicicleta e escaleiras como hábitos saudables, mais tamén como redución de emisións nocivas. De aquí nace a proposta de crear unhas xornadas sobre hábitos saudables que xa están plantexadas pero non se levaron a cabo. Ademais, pódese facer unha campaña de estilos de vida activos.

En canto a Biodiversidade proponse a reforestación e revisión das zonas verdes. Infórmase da nova participación da asociación A Rente do Chan que traballa na liña da defensa e protección do río Verdugo e os montes pertencentes á súa conca, concretamente no Concello de Pontecaldelas. Proponse intentar coordinar un traballo fin de grao así como outras posibles actividades. Referente ás sendas verdes: hai que revisar a sinalización e o seu coidado.

O ano pasado fíxose un avance importante con respecto ao Arboreto: xa está posta en marcha a unidade didáctica do Roteiro do Arboreto, na que participaron preto de 400 estudantes dos institutos de secundaria de Pontevedra. Este ano, a proposta da E. Forestais, incluírase unha visita á Xiloteca da Escola. Ademais presentouse un TFG que permite usar os códigos QR implicando



conceptos botánicos. É un bo comezo mais estaría ben chegar a consolidar unha aplicación e poñela en marcha.

Indícase tamén o interese de celebrar unha Xornada sobre Green Campus: propónse facer actividades de educación ambiental, concurso de creatividade, fotografía ambiental, etc. co obxectivo de difundir o Green Campus e as súas actuacións.

Anúnciase a creación da revista International Multidisciplinary Journal CREA, que garda artigos de ámbito científico e artigos de divulgación, e se comunica que no primeiro número da revista aparecerá un artigo de divulgación do Green Campus elaborado por Ana Montero, da ADEAC en Madrid.

Coméntase o novo proxecto Liquency que se está a levar a cabo en Pontevedra sobre análise da poboación liquénica como medida para saber o nivel de contaminación das cidades e ademais integrar a participación cidadán así como a creación de mapas de contaminación.

Existe a proposta da creación dunha horta ecolóxica para o campus mediante a cal poderíase facer un troco cos comedores universitarios e que rebaxaran o custe do menú que utilice os alimentos da horta. Podería ampliarse utilizando a horta escolar infantil.

Incluimos a proposta de tentar sacar as botellas de plástico fora do menú de estudantes. Para iso existen as propostas de deseñar botellas de vidro co logo do Green Campus, ademais ter en conta o uso de botellas de vidro nas conferencias.

Fálase da proposta de cambiar os alimentos das máquinas expendedoras por outros máis saudables aínda que xa se ten nocións de facelo noutra campaña e non dar resultado polo que se convoca a pensar unha nova alternativa ao respecto. Ademais, como proposta interesante sae a de facer difusión a través dos manteis dos comedores coa visualización do Green Campus e Campus Crea así como medidas puntuais. Anótase a posibilidade de levar esta proposta aos restaurantes da vila así como o deseño para dar a coñecer o Green Campus a nivel cidade.

Finalmente sinálase a posibilidade de ampliación dos composteiros presentes no campus á petición do programa Revitaliza, o cal está pendente de análise. Despois comenta a importancia de incidir na mellora dos hábitos de consumo e promover un consumo responsable, especialmente no relativo á alimentación. Outra das liñas importantes do futuro inmediato é o fomento da conexión coa sociedade de Pontevedra mediante actuacións conxuntas co Concello, asociacións como Vaipolorío, Círculo Mercantil, Deputación ou Sociedade Galega de Historia



Natural. Tamén, como medida transversal, fomentar a participación do estudantado nas accións propostas e animarlles a presentar outras novas.

Finalmente apróbase o V Plan de Acción 2019-20 do programa Internacional Green Campus, o cal se adxunta, e no que se recollen as diferentes accións que se manteñen e as novas incorporacións.

**Punto 4.** No apartado rogos e preguntas, o representante da Soc. Galega de Historia Natural fai referencia á necesidade de mellorar o alumeadado das farolas, que deberían estar máis baixas para iluminar mellor con menos gasto.

Os representantes da Fac. de Fisioterapia anuncian que vanse sumar ao proxecto Senda Verde de Ana Rey. Tamén falan da Rede de Universidades Saudables, que nos permite saber qué medidas se poden tomar en canto ás máquinas expendedoras de alimentos e bebidas.

Por último o representante de ADEAC plantexa a idea de medir e reducir os caudais de auga nas billas dos centros co fin de aforrar auga, e comenta que sería interesante facer algo parecido cos consumos de electricidade, especialmente os derivados da iluminación.

Remata a sesión ás 13.00h.

Pontevedra, 23 de outubro de 2019

José Carlos Souto Otero  
Secretario do Comité Ambiental Green Campus



## Anexo 1

### COMITÉ AMBIENTAL GREEN CAMPUS 23/10/2019

#### Relación de asistentes á reunión do Comité Ambiental do Green Campus

Francisco García	ADEAC
Constantino Cordal	Fac. CC. Sociais e da Comunicación
Paz Diéguez Montes	E. Enfermería
Iván Puentes	Concello Pontevedra
José M <sup>a</sup> Cancela	Área Infraestruturas
Juan Picos	E. E. Forestais
Jorge Soto Carballo	Vicerreitor do Campus Pontevedra
Nerea Mallo	A Rente do Chan
Ana Rey	Proxecto Senda Verde. Fac. CC Educación
Lourdes Maceira	Fac. Fisioterapia
Rocío Abalo	Fac. Fisioterapia
Ángeles Cancela	E. E. Forestais
Javier Rial	Servicio Deportes UVigo
M. Fontán	Concello Pontevedra
Vicente Romo	Fac. Ciencias da Educación e do Deporte
Ernesto Filgueira	Círculo Mercantil de Pontevedra
Serafín González	Sociedade Galega de Historia Natural
J. Carlos Souto	Área Campus Crea e Green Campus